



## O GALEGO NA ONDA

---

# O GALEGO NA ONDA

---

**A** Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Educación, en colaboración con seis entidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística (RDL), desenvolve este outono os obradoiros de comunicación radiofónica O Galego na Onda, unha das actividades que integran a programación anual da Rede aprobada no seu Consello de Membros anual.

Os obradoiros forman parte dunha actividade de dinamización lingüística máis ampla centrada na promoción do galego entre os adolescentes e no ámbito da comunicación radiofónica. A primeira parte da dita actividade celebrouse no mes das Letras Galegas, cando rapaces e rapazas de 12 a 16 anos participaron na fase local dun concurso para presentaren a mellor cuña radiofónica a prol do galego. Este obradoiro é, de feito, o premio para os gañadores desa fase local.

Os obradoiros O Galego na Onda celebráranse nos concellos de Santa Comba, Melide, Burela, Cambados, O Carballiño e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes. Da man do coñecido actor e comunicador Rubén Riós, os asistentes terán ocasión de afondar na redacción e na locución radiofónica, nas necesidades de produción, na estrutura do guión ou nas capacidades que debe desenvolver un bo locutor de radio (dicción, improvisación, vocalización...). Ademais, como parte da súa formación, crearán un programa que será emitido pola radio local do seu concello e mellorarán a cuña gañadora da fase local. Con ela, entrarán na fase autonómica do concurso, cuxos gañadores participarán co coñecido locutor Kiko Novoa nun programa da Radio Galega.

Entre os obxectivos que persegue O Galego na Onda figuran os de ampliar as posibilidades de ocio en lingua galega dos adolescentes de entidades pertencentes á RDL, favorecer a aprendizaxe e o uso oral do galego nun contexto lúdico e promover a reflexión sobre os usos lingüísticos da mocidade.

# O GALEGO NA ONDA



Os obradoiros e programas levaranse a cabo nas instalacións das diferentes radios locais en horario de 17.00 a 21.00 horas.

## OBRADOIROS

### OUTUBRO

**Mércores 22 Santa Comba**

**Xoves 23 Melide**

**Venres 24 Ordes**

**Mércores 29 Burela**

**Xoves 30 Cambados**

**Venres 31 O Carballiño**

## PROGRAMAS

### NOVEMBRO

**Mércores 5 Santa Comba**

**Xoves 6 Melide**

**Venres 7 Ordes**

**Mércores 12 Burela**

**Xoves 13 Cambados**

**Venres 14 O Carballiño**